



Mellor xornalista

Coñece os traballos
gañadores do
premio xornalístico
de La Voz

páxinas 4-5

La escuela salvaje

El esperanzador
zumbido de los
abejorros ha llegado

página 6

40.º aniversario

Laura López analiza
Prensa-Escuela con
alumnos malagueños
de periodismo

página 8



Membros do Cemma examinan o cadáver da quenlla varada en Vilanova para descubrir as causas da súa morte. Foto: Martina Miser

DÍA DOS OCÉANOS

Un visitante pouco habitual

*Por primeira vez os científicos rexistraron o avistamento
dun exemplar de tiburón dentes de can en augas de Galicia*

C. PORTEIRO

Hoxe é o Día Mundial dos Océanos. Reivindica a protección dos mares, que ocupan o 70 % da superficie do planeta. Albergan algúns dos animais máis belos e interesantes da Terra, mais só coñecemos o 5 % do fondo mariño. E moito do que sabemos é grazas ao estudo de especies que só ás asoman á superficie. É o caso do tiburón de 3,5 metros que apareceu a semana pasada na ría de Arousa. Unha especie nunca vista alí. Quedou atrapado nas redes duns pescadores que o desenvolveron ao mar, pero encallou e morreu.

Por que falamos dun achado excepcional?

Porque nunca antes se vira en Galicia un exemplar de tiburón dentes de can. De feito, en España só se teñen rexistros, moi escasos, na illa de El Hierro (Canarias).

A que se debe a visita?

É moi difícil dar unha explicación. Trátase dun tipo de peixe

que adoita vivir nos fondos areosos de ata 430 metros de profundidade. Tan só as femias, cando están preñadas, soben á superficie a parir. Unha teoría é que o fan para evitar que outras quenllas coman as crías, que son moi escasas. De feito, estímase que só teñen unha cada dous anos.

Que sabemos do tiburón dentes de can?

Moi pouco porque é moi difícil

ACTIVIDADE 1

PERIGOS REAIS E IMAXINARIOS

Os ataques de quenllas non supoñen un risco real nas nosas praias. Deberíamos preocuparnos polos accidentes de tráfico (camiño da praia), caídas e mergullos, picaduras e mordeduras de animais, intoxicacións, queimaduras e afogamentos. Ordena os riscos segundo a

de ver. Quen mergullou a carón dun exemplar desta especie asegura que é un dos escualos máis dóciles e tranquilos. Adoitan vivir en mares tropicais e subtropicais, por iso sorprende a súa presenza en Galicia. En Canarias os avistamentos producíronse en verán, así que este exemplar de Vilanova adiantouse ao calendario.

De que se alimenta?

Os seus manxares preferidos son

os peixes pequenos, crustáceos e cefalópodos.

Por que morreu?

Non se pode certificar ao cen por cen a causa, aínda que os científicos que estudaron o cadáver determinaron na necropsia que levaba moito tempo sen comer e tiña mal estado de saúde. A súa captura nas redes duns pescadores tamén puido influír.

Hai máis quenllas en Galicia?

Pois claro! Dende hai uns anos as quenllas femias prefiren a dieta galega para as súas crías. Nadan en zonas da Coruña e da ría de Muros e Noia para deixalas medrar. Pero hai rexistrados avistamentos por toda a costa, especialmente na provincia de Pontevedra. Cada vez achéganse máis á costa. Unha das hipóteses que manexan os científicos é que o cambio de temperatura na auga e os fluxos de nutrientes obríganlles a nadar ata latitudes máis setentrionais (máis ao norte) nesta tempada.

FEITO INSÓLITO

O ano pasado apareceu unha quenlla branca na Coruña

Non é a primeira vez que un escualo visita, despistado, a nosa costa. En setembro do ano pasado avistouse no porto exterior da Coruña un exemplar de quenlla branca de 5 metros! Nunca antes acontecera, e pode que o volvamos ver, porque, segundo din os expertos, os tiburóns retornan segundo a tempada a zonas onde saben que atoparán alimento. Aínda que é unha especie estendida por todo o planeta, o certo é que os avistamentos do gran branco preto da costa concéntranse en poucas áreas xeográficas, como en Sudáfrica. Que facía por Galicia? Os científicos non saben ben por que se achegou tanto, tendo en conta que aquí non abundan as súas presas habituais, como focas ou leóns mariños, aínda que si hai golfinhos, tartarugas, raias, luras e crustáceos. Tampouco poden concluír que se desorientara ou que a súa presenza teña que ver con cambios de hábitos atribuíbles ao calentamento global.

MALA FAMA

Hollywood está detrás do terror a este peixe

Tiburón, Deep Blue Sea e ata as cómicas películas de Sharknado amosan unha visión moi distorsionada da quenlla, o maior peixe dos océanos. É certo que é un gran depredador, tan só superado polas cándorcas, pero non adoitan atacar aos humanos e a posibilidade de atoparte cun exemplar na auga é case inexistente, así que podes bañarte este verán na praia sen medo ningún. A maior parte dos incidentes teñen lugar a bordo dos barcos que os capturan nas redes. Tamén é posible que, se están moi preto das praias, algo que non é habitual, confundan tanto os bañistas como os surfistas con focas. Aínda así, cando un tiburón ataca a unha persoa faiño para saber se forma parte do seu menú. Na maior parte dos casos rexistrados, morden e foxen.

CAMBIO CLIMÁTICO

Adaptarse ou morrer

A actividade humana trastorna con maior velocidade os ecosistemas mariños, onde hai especies que non teñen tempo para rexenerarse

C. PORTEIRO

Unha das grandes ameazas para os ecosistemas mariños é o cambio climático. Calquera interferencia humana, por pequena que sexa, ten consecuencias en toda a cadea. A nosa actividade, dende o transporte ata o turismo, a agricultura, a construción ou a moda, está a acelerar ese cambio, poñendo en risco a supervivencia de moitas especies que non teñen tempo para adaptarse ás novas condicións.

Pensa nesas algas longas e pardas como as da imaxe que tes visto algunha vez nas praias. De seguro que as afastas coa man para bañarte. Son laminariáceas, unha especie que hai entre 15 e 20 anos formaba bosques mariños onde buscaban agocho, seguridade para as crías e alimento os peixiños, as nécoras e outras especies. Pois ben, segundo explica o biólogo Alfredo Veiga, «as poboacións están moi alteradas. Antes había toneladas, había coberturas enormes, agora só quedan exemplares illados». E non se cingue o problema a Galicia. Pasa en todo o mundo.

Por que esta extinción silenciosa? Os científicos son moi cautos á hora de explicalo, pero apuntan varios factores: dende o exceso de luz á actividade humana —desapareceron as algas que están máis preto da superficie—.



Un bosque de algas laminariáceas ao norte das illas Sisargas (A Coruña) no 2008. Foto: Carlos Suárez

«Intentan recolonizar o territorio, pero hai desarranxos na cadea trófica e hai moita depredación de peixes que veñen do sur e non teñen interese comercial, así que os pescadores non os capturan. Eses cómenas e non as deixan medrar», explica o experto Javier Cremades. Por qué chegan eses peixes a Galicia? Polos cambios na cadea: o aumento da temperatura e o cambio das condicións de salinidade e acidez das augas, que causa a filtración de

CO₂ e o aumento do volume de auga doce (polo derretemento dos polos).

O Aquarium Finisterrae e o Instituto Español de Oceanografía están a traballar nun proxecto para estudar o efecto que podería ter o cambio climático nos corais en oito escenarios hipotéticos. Para iso recrean en tanques condicións determinadas de CO₂ (canto máis dióxido de carbono, menos osíxeno), temperatura e pH (acidez) da auga.

ACTIVIDADE 2 E SE NON PODEN EMIGRAR?

Especies como as medusas medrarán, e outras desaparecerán. Cres que deberíamos centrar esforzos en conservar algunhas en concreto? Podemos seguir considerando invasoras as que chegan adaptándose ao cambio climático?

Tiburóns, lobos, andoriñas ou xabarís tiveron que cambiar de hábitos

Puido a quenlla de Vilanova aparecer en Galicia polos cambios no ecosistema? Aínda é cedo para chegar a esa conclusión. Hai que aplicar o método científico para concluir tal cousa, pero o certo é que moitas especies tiveron que cambiar os seus hábitos para sobrevivir. Algúns tiburóns desprázanse a zonas que non son habituais porque as súas presas nadan ata alí en busca de nutrientes, que mudaron de dirección. E por que o fixeron? Porque co aumento do volume do mar a densidade das correntes mariñas cambia. E cando non atopan menú en alta mar, achéganse máis á costa.

O mesmo pasa cos lobos ou os xabarís en terra. A medida que os humanos foron estendendo os seus pastos, estes animais viron reducida a súa superficie de caza e o número de presas dispoñibles. Por iso é cada vez máis habitual oílos e mesmo velos preto dos núcleos urbanos. Canto máis empeño teñamos en controlar o medio selvaxe, máis riscos asumimos de encontros fortuítos.

O mesmo pasa coas andoriñas. Hai 20 anos visitaban Galicia todos os veráns, volvían aos seus niños de toda a vida. Pero desapareceron a metade delas. Onde están? Fuxiron porque acabamos cos seus niños ao remodelar os edificios. Ademais, o uso intensivo de herbicidas mata os insectos, a súa principal fonte de alimento, e teñen que competir con especies invasoras, como a cata (papaigaio arxentino), para comer.

ENTENDER

Debemos estar dispostos a facer sacrificios

■ Tes un teléfono intelixente ou unha tableta na casa? Has de saber que se trata dunha das manufacturas máis contaminantes do planeta. Antes de chegar ás nosas mans houbo que extraer materiais como o ouro, o cobalto ou o litio das minas. Refinanse antes de transportalos e ensamblalos.

■ Case a metade da poboación mundial ten un destes dispositivos, que se cambian cada tres anos. A maioría non se reciclan. Estarías disposto a renunciar ao último modelo para non contaminar?

■ O mesmo pasa co fenómeno da roupa chinesa de baixo custo. Mercar de forma compulsiva e a baixo prezo é sinónimo de contaminación. Convén pensar se non sería mellor mercar roupa fabricada máis preto, aínda que sexa máis cara, e un menor volume para non desperdiciar recursos. De feito, calcúlase que case a metade das prendas que temos no armario empregámonas unha vez ao ano!

PROFUNDAR

Aínda que poñamos o noso gran de area, as grandes decisións tómanas os Estados e as corporacións

■ Que sacrificios estarías disposto a asumir para frear o cambio climático, que xa é irreversible? Aínda que apostemos polo uso do transporte público, aproveitemos as horas de luz para consumir menos enerxía, consumamos produtos locais que non hai que transportar dende a outra punta do mundo ou cambiar os nosos vehículos de combustión —quen teña cartos— por un vehículo eléctrico, o certo é que a gran responsabilidade descansa nas costas dos Estados e as empresas.

■ Son os países os que poden regular a situación con leis e medidas de promoción ou de obrigado cumprimento, e as empresas con grandes factorías, as que marcan a diferenza. Por exemplo: deberíase bonificar o diésel que usan os barcos pesqueiros ou sería mellor financiar o uso de combustíbles

alternativos menos contaminantes? Debería España aumentar os impostos a quen máis contamine? Pode todo o mundo facer o mesmo esforzo?

ACTIVIDADE 3 MEDRAR E DESMEDRAR

Parte dos nosos problemas radican no crecemento continuado, que asociamos a prosperidade. Analiza o xornal de hoxe buscando a pegada desta visión crecentista en noticias. Que papel xogan a ciencia e a tecnoloxía? Cres que os avances científicos resolverán os problemas ambientais?

■ Como abordar a cuestión alimentaria nos próximos anos? Con máis agricultura. O problema é que a expansión de terras cultivables se traduce en deforestación e destrución de hábitats salvaxes. Por iso parte da sociedade defende o uso de transxénicos, organismos co ADN modificado para facer que as plantacións sexan máis resistentes a insectos e condicións climáticas desfavorables. Esa resistencia permite reducir o uso de pesticidas. Investiga os proles e contras desta tecnoloxía.

HEMEROTECA

El párkinson aparcó la carrera de Michael J. Fox

El protagonista de «Regreso al futuro» había ocultado durante siete años la dolencia

CARLOS OCAMPO

El actor Michael J. Fox cumple 61 años mañana. En enero de este 2022 la editorial Libros Cúpula publicó *No hay mejor momento que el futuro*, un libro de memorias traducido por Fernando Garí Puig, cuyo título original en inglés es *No Time Like The Future* (2020, Lucky Gus). Su subtítulo: *O cómo afronta la muerte un optimista*.

Las tres películas de *Regreso al futuro* (de 1985, 1989 y 1990) habían deparado a Michael J. Fox (Alberta, Canadá, 1961) fama internacional. En 1991, el neurólogo le dijo cuál era el motivo de los dolores y el ligero temblor en un dedo que lo llevaron a la consulta: párkinson. «El médico me dijo que seguramente podría seguir trabajando otros diez años más, y yo por aquel entonces solo tenía 29», escribe en el mencionado libro.

Fox decidió seguir trabajando mientras pudiera. Sin hacer pública su dolencia. Estaba rodando la serie *Spin City*, en la que representaba el papel de Michael Flaherty y que en España emitió Telecinco bajo el título *Spin City: Loca alcaldía*, cuando no pudo seguir ocultándola: «Me costaba aparentar que me encontraba bien. Me sentía cada vez más preocupado por la posibilidad de que mis espasmos confundieran a los espectadores si estos no estaban al tanto de



LA FOTO DEL EMMY

«El actor Michael J. Fox recibió la mayor ovación en la historia de los premios» (La Voz, 12 de septiembre del 2000)

Fox [...], de 36 años, confesó su dolencia a la revista *People*, en una entrevista en la que asegura que notó los primeros síntomas mientras trabajaba en un rodaje en Florida en 1991. Lo que comenzó como un ligero tic en un dedo pronto se convirtió en temblores que iban desde la mano hasta el hombro, indicó el actor en el número de la revista que se pone hoy a la venta», decía la noticia.

La Voz explicaba que los insistentes rumores de las revistas del corazón le hicieron imposible seguir ocultando la dolencia. Fox declaraba en *People*: «No lloro gritando: vaya tragedia». En vez de eso, se enfrentó a la enfermedad con un tratamiento «y una operación cerebral que ha conseguido mitigar los peores temblores».

Al año siguiente recibió su segundo Globo de Oro. «Somos tan afortunados de poder hacer lo que hacemos», dijo al recoger el premio, refiriéndose «al gran placer que le produce el hecho de trabajar en la industria del espectáculo», cuenta La Voz el 26 de enero de 1999.

PARA SABER MÁS

Los suscriptores pueden acceder a la Hemeroteca de La Voz desde lavozdegalicia.es/hemeroteca/. Un consejo: para tener éxito en la búsqueda, utiliza los cuadros que permiten acotar las fechas.

Cruzar el canal pedaleando

Esta primera noticia es del 22 de marzo de 1979. «El piloto Bryan Allen vuela en el Gossamer Albatross [...]». El aparato es una segunda generación [...]. El piloto pedalea en un sistema parecido a la bicicleta y vuela a una velocidad de 18 kilómetros por hora a una altitud media de 10 metros».

Se trataba de un vuelo de prueba. El 13 de junio Allen consiguió cruzar el canal de la Mancha en su aparato. «Partió del puerto británico de Folkstone a las 4.50 GMT y aterrizó a las 8.00 en el cabo francés de Gris-Nez».



El piloto Bryan Allen vuela en el «Gossamer Albatross», un avión propulsado por humana energía, mientras sus ayudantes corren a sus lados. El aparato es una segunda generación y se utilizará, a finales de primavera o a principios del verano de este año, para volar sobre el Canal de la Mancha. El piloto pedalea en un sistema parecido a la bicicleta y vuela a una velocidad de 11 millas (18 kilómetros) por hora a una altitud media de 10 metros.



A Gran Barreira de Coral, fronte á costa de Queens, Australia, minguou pola acción do home. Foto: Lucas Jackson. Reuters

GUÍA DO PROFESOR

A vida depende da saúde dos mares

O Día Mundial dos Océanos esixe acción colectiva para protexelos

JESÚS GARRIDO

«Revitalizar os océanos a través da acción colectiva» é o lema, e asunto de estudo, que propón a Organización das Nacións Unidas para esta data do 2022: o 8 de xuño, Día Mundial dos Océanos.

O océano cobre máis do 70 % da superficie do planeta Terra. É a principal fonte de vida e a máis importante fonte de sustento da humanidade e de todos os demais organismos da Terra. Proba diso é que o océano produce polo menos o 50 % do osíxeno do planeta, alberga a maior parte da biodiversidade da Terra e é a principal fonte de proteínas para máis de mil millóns de persoas en todo o mundo.

Un asunto económico

Ademais, resulta clave para a nosa economía, xa que se estima que, para o ano 2030, haberá uns 40 millóns de traballadores en todo o sector relacionado cos océanos. Non obstante, a pesar de todos os seus beneficios, non recibe a atención que necesita. Por iso pedímosche: únete e celebra o valor dos océanos. O Día Mundial dos Océanos lembra a todos o seu importante papel na vida cotiá. Son os pulmóns do noso planeta, unha fonte importan-

te de alimentos e medicamentos e unha parte fundamental da biosfera.

Un novo equilibrio

Co 90 % das grandes especies marítimas de peces minguadas e o 50 % dos arrecifes de coral destruídos, estamos a extraer máis do océano do que se pode repor. Debemos traballar xuntos para crear un novo equilibrio no que non esgotemos todo o que o mar nos ofrece, senón que restauremos a súa vitalidade. Devolvámoslle unha nova vida.

Pregúntalles a eles

Preguntamos aos peixes? É unha boa, divertida, complementaria, e curiosa idea que nos axuda a ver con curiosidade e cariño o gran tema dos mares e os océanos. Á fin e ao cabo, eles son os seus habitantes máis ilustres:

- Por que nadan os peixes?
 - Como respiran baixo a auga?
 - Por que se agrupan en bancos?
 - Por que dormen cos ollos abertos?
 - Por que teñen escamas?
- Estas e outras moitas preguntas teñen resposta no artigo *El porqué de los niños. Porqués sobre los peces* (t.ly/gWS), na web Guiainfantil.com.

RECURSOS

Eliximos, por brevidade, esta conexión onde figuran suficientes recursos, ligazóns, reportaxes, vida submarina... Tamén atoparedes campañas sobre os océanos que, polo menos, non impidan un boa marea nos resultados finais académicos que están agora en marea alta:

■ t.ly/K6Yr

CONCURSO MELLOR XORNALISTA INFANTIL E XUVENIL

Dezaséis premios para celebrar o perí

O certame faise maior de idade con máis de dous mil traballos presentados. Os pequenos debuxan noticias do xornal, os alumnos de ESO fixeron entrevistas e os de bacharelato puideron opinar

Os membros do xurado do concurso xornalístico Mellor Xornalista Infantil e Xuvenil, organizado por La Voz e a empresa Viaqua reuníronse o pasado xoves na sede de La Voz de Galicia en Sabón. Noventa minutos despois do inicio xa estaban os resultados, nos que houbo 16 premios que van dende a categoría infantil ata bacharelato.

O xurado estivo formado polos xornalistas de La Voz César Casal (subdirector), Sofía Vázquez (xefa de Opinión e Organización), Sandra Faginas (xefa de Suplementos), Ana Abellenda (coordinadora do suplemento cultural Fugas) e Carlos Ocampo (editor de La Voz de la Escuela); Rafael Sanguino, director de Márketing do xornal; ademais de Sonia Delpont, directora de Márketing de Viaqua.

O xurado analizou os traballos finalistas seleccionados por La Voz de la Escuela de entre os máis de 2.000 que se recibiron para este certame. Segundo a categoría —en función do número de propostas recibidas— había máis ou menos traballos finalistas. Os membros do xurado tiñan que cualificar tres de cada categoría con 1, 3 ou 5 puntos. Isto permite certa flexibilidade no resultado final, e nalgúns casos moita igualdade no resultado.

Catro categorías por idades

Neste concurso hai catro categorías, segundo o curso dos rapaces: Infantil 1, para nenos de 3 anos ata 2.º de primaria, incluído, que tiñan que debuxar unha nova do xornal; Infantil 2, para estudantes de 3.º a 6.º de primaria, ambos incluídos, e neste caso os alumnos tiñan que debuxar unha nova, titulala e facer un pequeno resume nunha maqueta que tiñan que descargar da web de Prensa-Escuela. Xa na categoría xuvenil hai tamén unha subdivisión: Xuvenil 1, para rapaces da ESO, que tiñan que facer unha entrevista; e Xuvenil 2, para os maiores, os de bacharelato, aos que se lles pide un artigo de opinión. Estas categorías teñen á súa vez dúas modalidades, xeral e Viaqua (de temática medioambiental). En cada unha hai primeiro e segundo premio.

Os premios entregáranse nun acto que terá lugar o vindeiro mércores día 15, ás doce de mañá, no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre, nas instalacións centrais de La Voz de Galicia en Sabón (Arteixo).



INFANTIL 1 MODALIDADE XERAL

Luca García Fernández

26 PUNTOS, PRIMEIRO PREMIO.

Luca ten 7 anos e estuda 2.º de primaria no CEIP Plurilingüe de Foz número 1, e a súa titora é María Lourdes Rego. O xurado destacou deste traballo a súa pericia técnica, pero tamén a elección do tema, tan importante para a nosa comunidade e para La Voz de Galicia.



INFANTIL 2 MODALIDADE XERAL

Mariña Toucedo

18 PUNTOS, PRIMEIRO PREMIO.

Dende o titular e o resume da noticia ata o debuxo, o traballo de Mariña foi aplaudido polo xurado. Con 11 anos, estuda en 6.º no CEIP Anxo da Garda, da Coruña, e o seu profesor é Alfonso González. O asunto dos estornións foi portada en La Voz de la Escuela.



INFANTIL 1 MODALIDADE XERAL

Ziyad Achetouk Bendriham

19 PUNTOS, SEGUNDO PREMIO.

Ziyad ten 7 anos e estuda na mesma clase que Luca, e por tanto é a mesma titora, María Lourdes Rego. Do traballo presentado por Ziyad, o xurado destacou a súa capacidade para reflectir a dor e a rabia, así como o realismo do debuxo nun rapaz tan pequeno.



INFANTIL 2 MODALIDADE XERAL

Dylan Simoes Rua

14 PUNTOS, SEGUNDO PREMIO.

Dylan estuda 5.º de primaria e ten 10 anos. Está no CEIP O Pombal, de Vigo, e a súa profesora é Camilo Vázquez. Deste traballo o xurado destacou o tema —tecnoloxía co medio ambiente— e a clucritude do debuxo, ademais de que se trate dunha investigación galega.



INFANTIL 1 MODALIDADE

Xulio Pernas Mera

25 PUNTOS, PRIMEIRO PREMIO.

Xulio ten 7 anos e estuda 2.º de primaria no CEIP Cervo, baixo a dirección de Eva. Gañou con este debuxo tan realista. O xurado valorou o uso das cores e formas e, obviamente o tema, o plástico no océano.



INFANTIL 2 MODALIDADE

Sara Valentina Álvarez

23 PUNTOS, PRIMEIRO PREMIO.

Este traballo ten un debuxo de moita simplicidade, como a boca da tartaruga, a grafía e redacción. Sara Valentina estuda 3.º nas Carmelitas de Ourense, e a súa profesora é Consuelo Quintana.

Modismo

luxaron e reinterpretaron
do que lles importa



VIAQUA

EMIO.

imaria no CEIP de
a Martínez Baltar.
lista dun incendio.
res, o dominio das
que tantas páxinas



VIAQUA

z Olim

EMIO.

gran forza mes-
o xeito de marcar o
ademais da súa cali-
nada ten 8 anos e es-
ense; a súa titora é

INFANTIL 1 MODALIDADE VIAQUA

Julia Méndez Fernández

23 PUNTOS, SEGUNDO PREMIO.

O galardón estivo moi rifado entre Xulio e Julia. Esta quedou segunda. O seu traballo ten moito mérito porque ten 5 anos. Estuda no CPR Montepiñón, de Culleredo, e a súa profesora é Pily Tenreiro. O xurado destacou o valor de cada un dos elementos do debuxo.



INFANTIL 2 MODALIDADE VIAQUA

Darío Fernández Pardo

21 PUNTOS, SEGUNDO PREMIO.

O traballo feito por Darío Fernández estivo moi preto de conseguir os máximos puntos. A temática é interesante, porque valora as solucións galegas, e o debuxo ten limpeza e enerxía. Darío ten 11 anos, estuda 5.º no CEIP Barrié de la Maza (Sada) con Lucía Vila como titora.



A entrevista de Rosa Quintás a Manuela, unha muller maltratada, tivo 28 dos 35 puntos posibles. E na modalidade Viaqua gañou Marta Puga, cunha entrevista a unha educadora social, Marta Bautista

ENTREVISTAS

O testemuño dunha muller maltratada, premio case unánime

Neste sistema de puntos, o máxico que pode recibir un traballo son 35 puntos, se os sete membros do xurado lle dan a máxima puntuación. Pero entre catro entrevistas a elixir, é difícil que iso ocorra. Aínda así, Rosa Quintás, alumna de 4.º do IES Lamas de Abade de Santiago (a súa titora é Maricarme Arias), conseguiu 28 puntos; a dureza da testemuña de Manuela arrepiá a quen a le, un recordo do que foi e aínda é a violencia machista e da falta de apoio que sofren as vítimas.

O segundo premio da categoría xeral foi para Bruno Vázquez, de 15 anos, que estuda 4.º de ESO no colexio Carmelitas de Ourense e que, dirixido pola súa profesora Yolanda Álvarez, entrevistou a Javier Vázquez, un director de proxectos. O xurado destacou a novidade deste traballo e o interese dun adolescente no futuro laboral.

En xeral houbo bastante acordo no xurado e só tiveron que destacar unha incidencia importante. No apartado de entrevistas da modalidade Viaqua, a gañadora resultou Alba Bergantiño, do colexio Franciscanas de Ourense, que fixo unha entrevista a Patricia Ramos, considerada a Greta Thunberg española; non obstante, a entrevista tiña sete preguntas, cando as bases indican que como mínimo debe haber oito. Alba, pois, queda sen o premio, aínda que co recoñecemento dun traballo ben feito.

No seu lugar conseguiu o primeiro posto con 17 puntos Marta Puga, alumna de 16 anos que fai 4.º de ESO no CPR San José de la Guía, de Vigo, e ten como profesora a María del Pilar Carrera. Ela entrevistou a Marta Bautista, educadora social que fala do que se chama sexta extinción masiva.

De segundo quedou finalmen-

te Aaron Lagos, que tivo 16 puntos. Aaron ten 14 anos e estuda 3.º de ESO no CPR Franciscanas de Ourense, e o seu profesor é Gonzalo Sánchez Busons. Neste caso, Aaron falou con Susana Bayo, presentadora do tempo nunha cadea de televisión local e investigadora, que falou da crise climática.

O número de preguntas que constaba nas bases tamén afectou a outra das entrevistas que disputaron os premios, a de Cristina Cotos, que falou coa súa avoa María del Carmen Yáñez, mestra xubilada. O interese da entrevistada veu dado por que ela e mais o seu home viviron oito anos no Sáhara cando era español, un choque vital que ela recorda ben. No caso de Cristina Cotos, que por certo estuda terceiro de ESO no IES As Lagoas, de Ourense, non perdeu ningún premio, posto que o seu traballo tiña só 8 puntos.

OPINIÓN

Os gañadores de bacharelato: a fenda dixital e o consumo excesivo

Na categoría de opinión houbo un menor volume de textos presentados, xa que convoca a rapaces de bacharelato. Aínda así, houbo traballos destacables, como o de Noelia Gutiérrez Zulua, alumna de 17 anos que cursa segundo de bacharelato no CPR Calasanz da Coruña, tendo como profesora a Guadalupe Martínez. Noelia dedicou o seu artigo á fenda dixital, un asunto que preocupa moito aos galegos porque divide a sociedade entre quen pode e quen non pode acceder aos servizos que se presen-

tan por internet. Noelia tivo 26 votos do xurado, que destacou o ben escrito que estaba o seu traballo. Da súa mesma clase é o segundo clasificado, Miguel Fernández Sáinz, que fixo unha reflexión sobre o patrimonio cultural e a sociedade, facendo fincapé na importancia do patrimonio (neste caso fala do Camiño) como identidade e orixe dun pobo. O xurado destacou o esforzo da profesora por ser quen de implicar a rapaces de segundo de bacharelato nunha actividade de coxestión xornalística.

Na categoría Viaqua o primeiro posto, con 25 puntos, foi para Iván Abad Álvarez, tamén de 2.º de bacharelato; no seu caso, estuda no Franciscanas de Ourense e o seu profesor é Gonzalo Sánchez Busons. No traballo fala de consumir de maneira axeitada. O segundo posto foi para Paula Lamas Mourellos, que estuda primeiro de bacharelato no IES Xoán Montes, de Lugo, e ten como profesora a Lara Oliveira, que fixo un chamamento en favor das tres erres: reducir, reciclar e reutilizar.

LA ESCUELA SALVAJE

De compras por las diferentes flores

Los abejorros son básicos para que las plantas perduren

ANTONIO SANDOVAL

Es uno de los sonidos más esperanzadores de la naturaleza. Se escucha mucho mejor si en un día sin viento te alejas de cualquier fuente de ruido y te acercas a un prado repleto de flores. Presta entonces atención: escucharás y verás cómo miles de insectos van y vienen por entre ellas, transportando su polen de unas a otras.

Sus vuelos entonan como una música mágica. Evoca la manera en que esas y muchas otras criaturas invertebradas del planeta necesitan a las flores para perdurar. Y viceversa. ¿Qué sería de la humanidad sin ese sonido, sin ese zumbido polinizador que cada primavera brota de la vibración de millones y millones de pequeñas alitas? Que no se nos olvide: también nosotros necesitamos a unos y a otras para sostener muchos de los ecosistemas de los que dependemos.

Al mismo tiempo, si uno de



Si te fijas, verás las bolitas amarillas que llevan en sus patas

esos insectos pasa demasiado cerca de ti, en tu centro escolar o en sus alrededores, seguro que das un respingo. ¡Es inevitable! En especial, si su zumbido es tan vibrante como el de un abejorro...

Un libro sobre abejorros

Precisamente estos días se ha publicado la traducción de uno de

los libros sobre naturaleza más vendidos en el mundo anglosajón. Escrito por el biólogo Dave Goulson, se titula *Una historia con aguijón. Mis aventuras con los abejorros*.

Es una obra fascinante, repleta de anécdotas e historias. Entre ellas, la de cómo una especie de abejorro extinguida en el

Reino Unido fue descubierta nada menos que en Nueva Zelanda. Resultó que, mucho tiempo atrás, varios ejemplares habían sido trasladados hasta allí por los colonizadores de aquel archipiélago del Pacífico para que cumplieran su función como polinizadores. Tan sorprendente descubrimiento fue aprovechado para intentar que la especie volviera a reproducirse en su isla original.

Con las curbículas a tope

¿Curbí... qué?, te habrás preguntado. Y con razón. La próxima vez que tengas un abejorro cerca, y sin molestarlo, fíjate en sus patas traseras: si lleva un rato de compras de flor en flor, descubrirás en cada una de ellas una bolita amarilla. Has acertado: están hechas de polen. *Curbícula* es un diminutivo del latín *corbis*, que significa 'cesta'.

Para comprender mejor cómo son, fíjate en la foto que acompaña a este artículo.

La desaparición del abejorro, un declive que debemos combatir

En España tenemos más de 30 especies diferentes de abejorros. Las poblaciones de muchas de ellas, además, presentan sutiles diferencias que permiten separar unas de otras como subespecies. Varias necesitan hoy nuestra ayuda para no desaparecer. Según un estudio, el 46 % de las especies de abejorros en Europa están en declive. Las principales causas son el abuso de pesticidas, el cambio de usos de los paisajes y la crisis climática. La buena noticia es que tenemos el dato, y hay cada vez más gente dispuesta a trabajar a tope contra ese declive. Infórmate acerca de cómo aportar tu grano... ¡de polen!

■ **Para saber más.** Ficha del libro *Una historia con aguijón. Mis aventuras con los abejorros*, en la web de la editorial Capitán Swing: <https://bit.ly/3MmKlqP>

asandovalrey@gmail.com
es escritor y divulgador.

PERIODISMO EN LA ESCUELA

Aprender el valor del periodismo es aprender valores ciudadanos

Un proyecto de La Voz de Galicia para ESO y Bachillerato

Impulsado por: **norvento enerxía**

La Voz de Galicia 140 años
140 años cumpliendo con Galicia

¿TIENES UN PROBLEMA?

Antes era creativo, pero ahora...

La vida actual no está pensada para fomentar las diferencias, y las prisas generan miedo a equivocarse y rutina para no hacerlo

LUPE MOLEDO

Mary Poppins decía en la película: «Todo trabajo tiene algo de divertido y, si encuentras ese algo, se convierte en un juego!». Esta sentencia es aplicable a nuestro mundo académico y profesional. ¿Y cómo encontrar esa diversión? Esa chispa se llama creatividad y podríamos definirla de mil formas diferentes, pero no es más que la capacidad para encontrar soluciones inesperadas a problemas diarios. La característica mental de la persona creativa está en la falta de barreras, lo que trae como regalo enfoques originales e innovadores. Todos nacemos siendo creativos y con una imaginación desbordante. Tú eres creativo.

Esta cualidad innata está íntimamente ligada a la curiosidad, que es un instinto que nos asemeja al resto de las especies animales y que nos lleva a vivir nuevas experiencias. Sin curiosidad no hay búsqueda de conocimiento y, por lo tanto, no habrá invención, no habrá nuevas vivencias o descubrimientos.

Pero conforme vamos creciendo, vamos dejando de ser tan creativos... ¿Por qué? Cuando eras niño te pasabas el día poniendo en marcha tu imaginación, todo lo hacías jugando. Desde comer pensando que la cuchara era un avión hasta la hora del



Trabajo realizado por alumnos del IES Monte Castelo, de Burela.

baño como una competición de barcos o animales. Incluso en el colegio seguían fomentando esa creatividad al aprender jugando.

Conforme fueron pasando los años, tus responsabilidades iban creciendo (más carga de trabajo, más autonomía, más dificultad en los problemas...) y tu tiempo para crear, pensar o imaginar iba disminuyendo.

Las prisas

La vida actual no está pensada para fomentar las diferencias, sino para hacer que las personas sea-

mos rápidas y efectivas. El resultado es que nos convertimos en seres muy similares haciendo cosas muy parecidas.

En el ámbito educativo, por ejemplo, no se debería nunca poner freno a las preguntas o propuestas de los alumnos, pero algunos maestros ven esto como una interrupción porque no da tiempo a terminar el temario; es una distracción en vez de una ventana de oportunidad para desarrollar las clases de diferente manera y que las dudas surgidas se conviertan en un diálogo que

cale mucho más en la motivación y aprendizaje del alumno.

La rutina

Somos animales de costumbres y hacer lo mismo todos los días imposibilita tener nuevas ideas. Un ambiente cultural pobre o carente de estímulos solo te puede aportar un pensamiento lineal en el que no entran la innovación ni los cambios.

La vergüenza

Otro gran enemigo de la creatividad, y que crece a medida que creces tú, es la vergüenza: herramienta de control que te va a impedir arriesgar. Te llevará por un camino seguro y fácil, pero dejará fuera de la ecuación la expresión de tu imaginación. La vergüenza resulta útil para regular ciertas conductas, pero supone un problema cuando no nos permite avanzar y bloquea nuestro impulso creativo.

El miedo

El miedo a crear algo por si sale mal o por si no gusta, por si te juzgan, por si te decepcionas a ti mismo, por si fracasas... Arriesgar da miedo, cometer errores da miedo. Al final, terminas asumiendo riesgos mínimos.

Lupe Moledo es colaboradora del gabinete de coach catemmo.es

EN MANDILONES

Regalos a los profesores: ¿sí o no?

ANA ABELENDA

No es por entrar en un «¿Kas naranja o Kas Limón?», «¿Ibai Llanos o Ramón García como pregunta en selectividad?», pero todos, en el fondo, tenemos una posición sobre estos temas, como sobre la costumbre (ay, vuelve la vieja normalidad) de hacer regalos de fin de curso a los profesores.

El fin de curso es un festín de viejos conocidos tras el duro triatlón de todo un año, con piñatas por romper... ¡A ver lo que nos toca! ¿Cómo conciliaremos, abuelos o telerabajo en rica empanada laboral?, ¿nos tocará al fin el campamento cerca de casa o pagar por tener a los niños «ocupados»? No hay respuesta a esto en los grupos de WhatsApp, que empiezan a hincharse cual flotador de unicornio. El tema es bonito y genera debate: regalos a los profes, ¿sí o no? Cuando era pequeña, me daba vergüenza ver cómo los padres hacían «un detallito» al profesor. La vergüenza ajena infantil me parece un buen termómetro social. Lo de regalarle al médico no lo entendí jamás. Y al cura... por Dios. Un profesor es más que un instructor académico, pero así debe ser, ¿no? ¿Le haces a final de ejercicio un regalo a la cajera que te embolsa la compra cada día? ¿Y al compañero de trabajo que te aguanta café a café? Esto requiere un plus laboral...

Lo de los regalos de fin de curso es como el refuerzo positivo de los niños: hacerles un regalo cada vez que se portan bien como si fuese lo excepcional... hasta que se portan mal si no hay premio. Hacer bien un trabajo es lo esperable, y regalar por norma no es regalar. Me parece más gratificante darles menos la turra a los profes que un regalito «original» al final de curso. Lo «original» en este ámbito suele ser clónico además: ¿libro con dibujo de los niños o bolsa / taza con mensaje? Pero la tribu pesa y no encajar pasa una factura más costosa que la de participar en el regalo. ¿No todo trabajo es digno de un regalo a fin de curso? Y, si regalamos siempre por sistema, ¿no es el regalo una obligación social?

Como dijo un día el gran Miki Otero, «la memoria acaricia los detalles». Los detalles pueden contener la historia universal, en especial la de los profes de mi generación.

LOS INGREDIENTES

Observa y apunta. Anímate a subrayar los enunciados con los que te identificas

Cuáles son tus pasiones

Lo primero que debes preguntarte es cuáles son tus pasiones, a qué dedicas tu energía cuando no estás estudiando... O mejor aún: ¿cuándo te sientes como pez en el agua? El experto en educación y creatividad sir Ken Robinson dedicó su libro *El elemento* a la importancia de encontrar la confluencia entre lo que se te da bien y lo que te encanta. Y dedicarte a ello. El primer paso no es fácil porque puede que te invadan cantidad de opciones que te gusten, así que te sugiero que te hagas preguntas del tipo: ■ ¿Qué actividad estoy dispuesto a realizar sin pensar inicialmente en el beneficio?

■ ¿Cuál de mis cualidades están por encima de la media?

■ ¿Sobre qué áreas busco información sin aburrirme?

■ ¿Quiénes son mis referentes? ¿Por qué?

Es una fase de autoobservación, así que no dudes en coger papel y lápiz y apuntar todo lo que consideres importante.

Fórmate

Encontrar tu pasión implica también aumentar tu aprendizaje dejándote llevar por la curiosidad que despertará en ti. Recopila información y acepta que necesitarás disciplina y práctica. Puede que en este paso tengas que crear un hábito, y que debes dedicarle tiempo. Encontrar un tiempo en tu día a día para dárselo al elemento que hayas elegido y que se va a convertir en el punto central de tu creatividad, de tu imaginación.

Es la hora de preparar tu espacio de trabajo, de ponerte cómodo: analiza si vas a necesitar materiales y cuáles, qué ambiente te aporta más concentración (un espacio íntimo o uno abier-

to y con gente alrededor) y di adiós a las distracciones, a todo aquello que te aparte de tu objetivo, como las tareas automáticas o las constantes redes sociales.

Arriesga

No temas a la hora de arriesgar, aunque salga mal. Para ello debes salir de tu zona de confort y vivir nuevas experiencias que potencien tu creatividad. Desde viajar o conocer gente nueva hasta visitar museos o parques... Cualquier actividad que escape de tu rutina despertará nuevos pensamientos que te llevarán a probar cosas nuevas y evitarán que uses las mismas soluciones que ya probaste en el pasado.

No permitas que en este punto del proceso creativo entre tu yo crítico y eche por tierra lo que todavía no has puesto en práctica. Recuerda tus éxitos anteriores, aunque sean pequeños, la pro-

pia motivación y entusiasmo son un éxito, por lo que deben estar presentes en este paso.

Relájate

Y ahora viene un ingrediente fantástico que hará crecer tu creatividad como la levadura al pan, y son el descanso y el relax. Comprobarás que las mejores ideas se te ocurrirán cuando estés relajado: en la ducha, en la cama, de fiesta o incluso durmiendo. ¿Por qué? Es en esos momentos cuando tu cerebro no está atado a obligaciones, a horarios, a una estructura marcada llena de tengo que hacer esto o tengo que hacer lo otro. Es en estos momentos en los que parece que tu cabeza está de vacaciones cuando tu mente sigue conectando ideas sin que seas consciente del todo.

Y ahora que tienes los ingredientes para potenciar tu creatividad, ¿los pones en práctica?

40 ANIVERSARIO LA VOZ DE LA ESCUELA

LAURA LÓPEZ

Profesora titular de la Universidad de Málaga

«La Voz apuesta por que educación y comunicación vayan de la mano»

Analiza con sus alumnos de grado y de máster el alcance del programa Prensa-Escuela

HELENA MURILLO

Una de las principales líneas de actuación en la que se ha centrado La Voz de la Escuela durante sus 40 años es la alfabetización mediática. Para los creadores del programa, se trata de un pilar básico que permite a las futuras generaciones ser capaces de desarrollar una actitud crítica frente a los medios, los cuales tienen un papel muy importante y pueden hacer mucho por acercar la educación periodística a los colegios; y eso es lo que hace La Voz de Galicia bajo el paraguas Prensa-Escuela.

Este programa gallego pionero en la prensa española también está presente en otras comunidades para trabajar la prensa en el aula. Laura López es profesora titular de Periodismo en la Universidad de Málaga, donde imparte la asignatura Alfabetización Mediática, que se ofrece en el último curso del grado; también tiene una segunda materia, Alfabetización Mediática: Estrategias e Investigación, en el Máster en Investigación sobre Medios de Comunicación, Audiencias y Práctica Profesional en Europa. Desde el 2012 imparte docencia en el Máster de Periodismo Audiovisual y Educación de la Universidad de Huelva y la Universidad Internacional de Andalucía.

En sus clases, López comparte las diferentes propuestas de actividades didácticas que recoge el suplemento La Voz de la Escuela con el objetivo de acercar el periódico a los más jóvenes. «Me gusta que aquellas personas que cursan por primera vez la asignatura de Alfabetización Mediática conozcan los proyectos e iniciativas más importantes en España,



Laura López conoce a fondo La Voz de la Escuela, y cree que puede servir de ejemplo en otras zonas de España. Foto: Helena Murillo

ña, y en ese sentido, el programa Prensa-Escuela es una referencia que han de conocer», apunta. Dentro del plan de estudios de su asignatura, el tema sobre educación y prensa permite enseñarles los ejemplos de periodismo español que se dedican a la educación mediática. «Entramos en la web [prensaescuela.es] y vamos desglosando y analizando los ejercicios didácticos que propone el suplemento», comenta la profesora.

Periodistas ajenos a la escuela
Como autora de varios artículos científicos sobre educación mediática, López señala que «La Voz de Galicia, a través de Prensa-Escuela, apuesta por que educación y comunicación vayan de la mano, y eso es muy importante, porque los alumnos de Periodismo están muy desconectados

de la parte educativa». Gracias a la asignatura, se dan cuenta de que «los medios de comunicación deben ser centrales en la alfabetización mediática, tienen un papel fundamental; pueden hacer mucho por acercar la educación mediática a los colegios», subraya. Con las propuestas de actividades de Prensa-Escuela se mejora el acceso a la lectura de los más pequeños, que serán los futuros lectores críticos de prensa.

Al terminar de cursar la asignatura,

muchos de los alumnos se plantean la alfabetización mediática como otra posibilidad laboral y que no sea estrictamente la del periodista informador. «En una asignatura como esta, los estudiantes se dan cuenta de lo importantes que son los medios porque, al final, son ellos los que nos educan en valores, tanto en positivo como en negativo», explica.

Como docente, Laura López siempre ha tenido muy presen-

tes y conectadas comunicación y educación. «El ser profesora de Alfabetización Mediática me ha permitido conocer y dar nombre a esa inquietud que tenía por la parte educativa y comunicativa». Fue a raíz de formar parte del grupo Comunicar, donde actualmente es coordinadora en Málaga, como conoció la parte educativa de La Voz de Galicia. «Es una alegría y satisfacción que lleven tantos años con esa inquietud educativa. No se trata de un proyecto puntual, sino de una apuesta continua por la educación y la comunicación que es digna de felicitación», destaca. López resalta «el trabajo e involucración de los docentes y los alumnos gallegos que hacen posible que el suplemento siga adelante» y que podría servir de modelo para que otras zonas se animaran a crear proyectos similares.

«Es una alegría que el programa lleve tantos años activo»

«Los medios educan en valores, para lo positivo y lo negativo»



Una educación de calidad empieza con una buena información

Suscríbete ya a la newsletter de educación

miperfil.lavozdeg Galicia.es/newsletters.html

Reportajes exclusivos / Entrevistas / Informes nacionales e internacionales / Actualidad educativa / DOG, BOE, y avisos

La Voz de Galicia
140 años
140 años cumpliendo con Galicia